

3, 4 e 5
de xuño de 2022
CENTRAD - LUGO



2º ENCONTRO

CELME
DE ZANFONA



CELME
DE ZANFONA

2º ENCONTRO
AO REDOR DA ZANFONA - LUGO 2022

O 2º Encontro **CELME DE ZANFONA** propón unha nova acción destinada a pivotar sobre a formación, recursos e necesidades, e afondar na procura de saídas para os músicos máis novos. Esta vertente está na xénese do obradoiro-escola de instrumentos da Deputación de Lugo, que nace nunha escola rural atípica e que marcou, en certa medida, a liña de traballo focalizando as súas actuacións nos ámbitos da investigación e a formación, tanto de construtores coma de intérpretes. Unha plataforma activa destinada a estimular e revitalizar o patrimonio musical galego con resultados sobresaintes.

Neste contexto, situamos o catálogo de zanfona histórica de Galiza, ver web: https://cultura.deputacionlugo.gal/gl/centrad/catalogo_zanfona un traballo de estudo e divulgación que facilita o acceso, de maneira interactiva, a todo tipo de públicos. Esta esencia da zanfona galega: orixe, sons, textos e contextos, instrumento en movemento, nace da vontade da Área de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo de procurar novas ferramentas e espazos que favorezan a interacción dos profesionais co alumnado. Un foro útil no estudo do instrumento destinado ás novas xeracións, creando, nesta cidade, un espazo de diálogo e confrontación de ideas arredor das diferentes metodoloxías e procedementos e os seus alcances culturais. E, para iso, nada mellor que a suma de vontades como a da Concellería de Cultura do Concello de Lugo, que propón unha programación primordial para coñecer o labor dos profesionais galegos no ámbito do ensino e musical. A zanfona: un instrumento milenario nunha cidade bimilenaria.

ORGANIZAN



COORDINA

Luciano Pérez

Colección de instrumentos musicais e arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación de Lugo

COORDINACIÓN PROGRAMA DE RÚA

AGG-Asociación de Gaiterías Galegas

VENRES

3 xuño 2022

17.00 h RECEPCIÓN E PRESENTACIÓN DO 2º ENCONTRO CELME DE ZANFONA

Efrén Castro. Deputado da Área de Artesanía e Deseño e Memoria Histórica
Tereixa A. Ferreiro Tallón. Concelleira de Cultura do Concello de Lugo e Vicepresidenta da Deputación de Lugo
Luciano Pérez. Coordinador do Encontro CELME DE ZANFONA

17.30 h - 18.30 h CLASES MAXISTRAS DE ZANFONA

15 alumnos
Oscar Fernández

19.00 h - 20.00 h ACTUACIÓNS DE RÚA NO CASCO HISTÓRICO

SOBRE RODAS
FRANCISCO DO ROMUALDO

20.00 h CONCERTO NO CASCO HISTÓRICO

Aulas de zanfona de
CÁNTIGAS E AGARIMOS - FINGOI - TRADESCOLA

21.00 h CONCERTO NO CASCO HISTÓRICO

XEMELGAS: OSCAR FERNÁNDEZ E MANU FRAGUELA

SÁBADO

4 xuño 2022

10.00 h - 11.00 h CLASES MAXISTRAS DE CANTO

15 alumnos
Antón Castro

11.00 h - 11.30 h DESCANSO

11.30 h - 12.30 h CONFERENCIA

A ZANFONA E O REPERTORIO PATRIMONIAL GALEGO
José Luís do Pico Orjais

12.00 h CONCERTO PARA PÚBLICO FAMILIAR NO CASCO HISTÓRICO

MONIFATES

13.00 h CONCERTO NO CASCO HISTÓRICO

SUSO VAAMONDE
Zanfona, pedras e voz

17.00 - 18.30 h MESA REDONDA

RECURSOS E NECESIDADES - MÉTODOS, REPERTORIOS,
ARRANXOS E NOVAS COMPOSICIÓNS

Moderador **Mauro Sanín**

Pedro Pascual
Germán Díaz
Anxo Pintos
Oscar Fernández
Bruno Villamor

19.30 h - 20.30 h CONCERTO NO CASCO HISTÓRICO

ETRAD ZANFONA ENSEMBLE

21.00 h CONCERTO NO CASCO HISTÓRICO

DÚO PEDRO PASCUAL & GERMÁN DÍAZ
Músicas de tradición galega, ibérica e europea

DOMINGO

5 xuño 2022

10.00 h - 11.00 h CLASES MAXISTRAS DE ZANFONA

15 alumnos

Suso Vaamonde

11.00 h - 11.30 h DESCANSO

11.30 h - 12.30 h MESA REDONDA

NA PROCURA DOS COMPAÑEIROS DE FORMACIÓN

Moderada **Suso Vaamonde**

Antón Castro

Bieito Romero

Manuel Brañas

Pancho Álvarez

13.00 h ENCONTRO ESCOLAS NO CASCO HISTÓRICO

ESCOLA DE ZANFONA DO PADROADO DE CULTURA DE NARÓN

ESCOLA DE ZANFONAS SUSO VAAMONDE. Pontevedra

ESCOLA DE ZANFONA FINGOI. Lugo

ESCOLA DE ZANFONA TRADESCOLA. Lugo

ESCOLA DE ZANFONA CANTIGAS E AGARIMOS. Santiago de Compostela

ESCOLA DE ZANFONA CÁNTIGAS DA TERRA. A Coruña

ZANFONISTAS DA PONTRAGA, A.C. BRISAS DO QUENLLO. Tordoia

AULA DE ZANFONA DA ESCOLA DE GAITAS PROVINCIA DE PONTEVEDRA

AULA DE ZANFONA DO CONSERVATORIO DE TORROSO. Mós

ETRAD ZANFONA ENSEMBLE. Vigo

ACTOS COMPLEMENTARIOS

Contextos

PASE DE IMAXES

A ZANFONA NA REDE
Francisco Maañon

EXPOSICIÓN DO CERTAME DE DEBUXO PARA ESCOLARES

Do 3 ao 17 de xuño de 2022
Convocado pola TRADESCOLA

INSCRICIÓNS

a través do correo-e:
celmedezanfona@gmail.com

CLASES MAXISTRAIS

As inscricións nas clases maxistras serán por rigorosa orde de chegada das solicitudes, ata un número máximo de 15 persoas por curso. No caso de ter interese en participar en máis dun curso, fai constar a orde de preferencia e comunicármosche en cales tes praza ao finalizar o prazo de inscrición.

A **data límite** para inscribirse é o **luns 30 de maio**.

Datos necesarios:

Nome e apelidos

Número do documento de identidade

Número de teléfono

Clases maxistras ás que queres acceder

XANTARES

Se desexas **anotarte para o xantar** conxunto do **venres** e/ou **sábado** encargámonos da xestión da reserva nun restaurante que dispón de menú a prezos populares. Mándanos un correo-e a este mesmo enderezo, indicando os teus datos e que días queres xantar.